**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 03/02/2025**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/02/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27-ene-2025, que se aprobou por unanimidade.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Alcaldía, de data 31 de xaneiro de 2025 pola que se nomea a D. José María González Araujo como membro da Xunta de Goberno Local, en substitución de D. Lino Mouriño Santiago, tras a súa renuncia ao cargo de Concelleiro.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2025/0207**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Mercedes Lourdes Duran Pereira, como Presidenta da Asociación Circulo Artístico e Depotivo Gato Negro, solicitando autorización para estacionamento autocar (enterro da sardiña) diante da Praza, entre o Bar Panela e a Rotonda, en Carril, o día 9 de marzo de 2025.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/0216**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Ramón Barros Rey para a instalación de carteis informativos nos aparcamentos disuasorios, por un importe total de 10.285,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.213, que comprende os seguintes traballos:
Subministro de man de obra para a colocación de dez carteis informativos aportados polo Concello.
- Apertura de zapatas de carga e transporte a vertedoiro do material sobrante.
- Realización de zapatas de formigón armado.
- Realización zuncho armado
- Carga e transporte dos carteis ó seu lugar de colocación.
- Colocación de carteis con tacos químicos.
- Medidas de seguridade

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/0221**
Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2025, con cargo á partida 342.410.

**PRP2025/0222**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 8 de febreiro de 2025, en horario de 9:00 a 15:00 horas.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/0223**
Dáse conta do escrito presentado por Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto, solicitando autorización para celebración de eventos ao aire libre na sede social, os días: 14-02-2025 ás 22:00 horas; 28-02-2025 ás 22.00 horas e o día 09-03-2025 ás 12:00 horas.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes

condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/0228**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco**,** solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas o día 5 de marzo de 2025 na Praza Rafael Pazos (Vilaxoán) con motivo da celebración do Enterro da Sardiña.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Estará en posesión da documentación pertinente para exercer dita actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/0229**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco**,** solicitando autorización para instalar un posto de vende de rosquillas o os días 2, 4 e 5 marzo de 2025 na Alameda (Avda. da Mariña).
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Estará en posesión da documentación pertinente para exercer dita actividade.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/0238**
Dáse conta de escrito presentado por Dona María Domínguez Ouso solicitando o pintado de amarelo que delimite o vao permanente situado en Avda. Agustín romero nº 94 A, así como a posibilidade de instalación de espello enfronte da saía para, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen do garaxe do citado inmoble.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o vao ten a beirarrúa rebaixada, sen marcas viais, polo que sería conveniente o pintado de marcas viais correspondentes, así como a instalación de espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do inmoble.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a sinalización do vao (pintado), así como a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá realizalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

**PRP2025/0256**
Vista a conta xustificativa Nº J/2024/2 do Anticipo de Caixa Fixa nº 2 para gastos de órganos de goberno municipais presentada pola habilitada María Galbán Zaragoza por importe de 5.262,25€
Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar a conta xustificativa J/2024/2 do Anticipo de Caixa Fixa nº 2 e contabilizar o pago aos acredores finais polos importes e nas aplicacións segundo se indica:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Programa | Economica |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J/2024/80 | Emit- 1 | 15/04/2024 | 1.650,00 | 76863438Z | CAL LORENZO, ISABEL | PINCHO PARA 90 PERSONAS CLAUSURA CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE VELA NA PRAZA DE ABASTOS ABRIL 2024 | 912 | 22601 |
| J/2024/81 | 2024/2/001 | 08/05/2024 | 142,90 | 35467743H | MARIA MOCHALES, PAOLA | RECOLLIDA GALARDÓN IV EDICIÓN PREMIOS INTERNACIONAIS DE MOVILIDADE, MADRID 8/9 MAIO 2024 | 912 | 23100 |
| J/2024/82 | 2024/2/002 | 08/05/2024 | 114,25 | 35467743H | MARIA MOCHALES, PAOLA | DIETAS POR ASISTENCIA RECOLLIDA PREMIO IV EDICIÓN PREMIOS INTERNACIONAIS DA MOBILIDADE 8/9 MAIO 24, MADRID | 912 | 23000 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J/2024/83 | 2024/2/003 | 03/06/2024 | 13,52 | 35466949Y | COIRA LOJO, CARLOS | GASTOS DESPLAZAMENTO ASISTENCIA Á PRESENTACIÓN EPIC RACE NO PAZO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA O 3/6/24 | 912 | 23100 |
| J/2024/143 | A / 719 | 16/05/2024 | 72,05 | B36252211 | YONADRI S.L. | CENTRO FLORAL CON MOTIVO CELEBRACIÓN LETRAS GALEGAS 2024 EN CARRIL | 912 | 22601 |
| J/2024/154 | 2024/2/004 | 14/08/2024 | 10,92 | 35474690L | GONZALEZ DIAZ, GABRIEL | DESPRAZAMENTO A PONTEVEDRA PARA ENTREVISTA ALCALDE EN ONDA CERO PARA ABORDAR AS FESTAS DE SAN ROQUE 14/08/2024 | 912 | 23100 |
| J/2024/155 | 2024/2/005 | 26/06/2024 | 16,27 | 35469848F | CAROU GARCIA, ALVARO | LOCOM HISPASAT PONTEVEDRA DESPRAZAMENTO PONTEVEDRA PRESENTACIÓN PROXECTO HISPASAT ACESO INTERNET ZONAS RURAIS 26/06/24 | 912 | 23100 |
| J/2024/156 | 2024/2/006 | 25/06/2024 | 17,51 | 35469848F | CAROU GARCIA, ALVARO | PRESENTACIÓN AUTOBÚS TURÍSTICO TINTILÁN EN SANXENXO O 25/06/2024 | 912 | 23100 |
| J/2024/157 | 2024/2/007 | 06/09/2024 | 33,30 | 35457391Q | OUTON CASAL, SONIA | REUNIÓN SONIA OUTÓN CO DIRECTOR DO AGADIC O 06/09/2024 EN SANTIAGO | 912 | 23100 |
| J/2024/158 | 2024/2/008 | 28/09/2024 | 5,91 | 35457391Q | OUTON CASAL, SONIA | ENTREGA XXIII PREMIO DE TRADUCIÓN PLÁCIDO CASTRO CAMBADOS 28/9/24 SONIA OUTÓN | 912 | 23100 |
| J/2024/159 | 2024/2/009 | 05/09/2024 | 18,00 | 35474690L | GONZALEZ DIAZ, GABRIEL | ADQUISICIÓN TELA GRANATE PARA A DESCUBERTA DE MONUMENTOS DE TELAS TULE | 912 | 22601 |
| J/2024/160 | Em 23 | 27/03/2024 | 110,00 | 35449286F | MIGUENS NAVIA, CARMEN | CENTRO CON CINTA DEFUNCION EX TRABALLADORA LAURA ROMERO | 912 | 22601 |
| J/2024/161 | Em 28 | 09/04/2024 | 110,00 | 35449286F | MIGUENS NAVIA, CARMEN | CENTRO CON CINTA DEFUNCION NAI ANA GRANJA | 912 | 22601 |
| J/2024/169 | 2024/2/010 | 30/06/2024 | 239,05 | 35466949Y | COIRA LOJO, CARLOS | DESPRAZAMENTO PORTUGAL CARLOS COIRA, | 912 | 23100 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | REPRESENTACION XV XOGOS EIXO ATLANTICO | | |
| J/2024/170 | 2024/2/011 | 07/11/2024 | 334,00 | G21271077 | AMUPARNA | ALOXAMENTO XORNADAS AMUPARNA OUTUBRO 2024 DIEGO GARCIA. SUPLEMENTO HABITACION TENERIFE | 912 | 23000 |
| J/2024/171 | 24F0846Y00000030 | 10/09/2024 | 381,97 | B07012107 | AVORIS RETAIL DIVISION, S.L. | VOO LINO MOURIÑO A TENERIFE. XXVII XORNADAS AMUPARNA OUTUBRO 2024 | 912 | 23100 |
| J/2024/172 | 24F0846Y00000029 | 10/09/2024 | 381,98 | B07012107 | AVORIS RETAIL DIVISION, S.L. | VOO A TENERIFE. DIEGO GARCIA. ASISTENCIA XORNADA AMUPARNA OUTUBRO 2024 | 912 | 23100 |
| J/2024/173 | 1 240483 | 11/06/2024 | 871,20 | B45231198 | COMARFI, S.L. | ADQUISICIÓN DE DUAS BANDEIRAS DE TRAIÑAS (FEMEN E MASCUL) DE 150x100 RASO BORDADO E FRECOS | 912 | 22601 |
| J/2024/174 | 24 172 | 26/08/2024 | 115,68 | 35430406X | NOGUEIRA RAPARIZ-VAZQUEZ, MANUEL | ADQUISICION DE 4 PINS CO ESCUDO DO CONCELLO PARA O PREGON DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2024 | 912 | 22601 |
| J/2024/175 | 24 171 | 26/08/2024 | 156,09 | 35430406X | NOGUEIRA RAPARIZ-VAZQUEZ, MANUEL | ADQUISICION DE 5 PINS CO ESCUDO DO CONCELLO POR DETERIORO OU EXTRAVIO, DE CONCELLEIROS | 912 | 22601 |
| J/2024/176 | 2024/2/012 | 07/10/2024 | 285,27 | 35460689W | GARCIA SANTIAGO, DIEGO | TAXI + VEHICULO ALUGUER + CARBURANTE. XORNADAS AMUPARNA TENERIFE, DIEGO GARCIA OUTUBRO 24 | 912 | 23100 |
| J/2024/197 | 2024/2/013 | 15/11/2024 | 60,16 | 35460689W | GARCIA SANTIAGO, DIEGO | LOCOMOCION RECOLLIDA PREMIO VILAS EN FLOR NOVEMBRO 2024 SALVATERRA DO MIÑO | 912 | 23100 |
| J/2024/198 | 2024/2/014 | 04/12/2024 | 12,22 | 35474690L | GONZALEZ DIAZ, GABRIEL | ENTREVISTA RADIOFONIA AO ALCALDE, MOTIVO BALANCE DO ANO. ONDA CERO | 912 | 23100 |
| J/2024/199 | E 76 | 25/11/2024 | 110,00 | 35449286F | MIGUENS NAVIA, CARMEN | CENTRO CON CINTA DEFUNCION | 912 | 22601 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | TRABALLADORA CELIA BALSA FALECIDA NOVEMBRO 2024 | | |

2.- Imputar o gasto ás seguintes partidas:

| Aplicación | Denominación | Total gastado |
|---|---|---|
| 912.22601 | Órganos de Goberno. Atencións protocolarias | 3.213,02€ |
| 912.23000 | Órganos de Goberno. Axudas de Custo Cargos Electos | 448.25€ |
| 912.23100 | Órganos de Goberno. Desprazamentos | 1.600,98€ |
| | | Total: 5.262,25€ |

3.- Proceder á reposición da cantidade de 5.262,25€ xustificados

**PRP2025/0262**

Vista a conta xustificativa Nº J/2024/25do Anticipo de Caixa Fixa nº 1 para gastos de órganos de goberno municipais presentada polo habilitado Adolfo Seoane Camino, por importe de 3.320,99 €

Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a conta xustificativa J/2024/5 do Anticipo de Caixa Fixa nº 1 e contabilizar o pago aos acredores finais polos importes e nas aplicacións segundo se indica:

| Importe Total | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Organica | Programa | Economica |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 180,93 | B32505000 | DE MONCHO INTEGRAL SERVICE SL | RECOGIDA Y ALMACENAMIENTO A PLANTA INTERMEDIA CAT. 1 Y POSTERIOR TRASLADO A PLANTA DE ELIMINACION DOC.9215 AL 9217-PERRE | | 311 | 22199 |
| 1.241,23 | Q1500393B | AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (RECAUD. PONTEVEDRA) | PAGO EMBARGO DE VEHÍCULOS AXENCIA TRIBUTARIA (VEHÍCULO VIXIANZA E CONTROL 7845JKD POR XGL) | | 1720 | 213 |
| 200,60 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001993 3603 VILAGARCÍA IVECO 5 / 5479GJC 23.07.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Supli | | 1530 | 22199 |
| 87,07 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001894 3603 VILAGARCÍA POLARIS 5 / E6173BDY 11.07.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Su | | 135 | 22199 |
| 63,41 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001221 3603 VILAGARCÍA MERCEDES-BENZ 5 / 1960KMX 02.05.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) | | 135 | 22199 |
| 28,31 | B36521771 | BAZAR DONG FANG, S.L. | COMPRA DE MATERIAL PARA BIBLIOTECA( PILAS BOTÓN E IMANES ) | | 3321 | 22199 |
| 8,00 | 35436127G | JUEGUEN LORENZO, JUAN M. | SERVICIO DE TAXI A HOSPITAL DO SALNES ACOMPAÑAMIENTO A EXTRANJERO QUE NO HABLA ESPAÑOL | | 2312 | 22199 |
| 10,05 | 52481574J | PEREZ CARBALLO, ANTONIO | SERVICIO DE TAXI DESDE HOSPITAL DEL SALNES A CONCELLO DE VILAGARCIA EXTRANJERO NO HABLA ESPAÑOL | | 2312 | 22199 |
| 36,00 | 53110369B | ACEVEDO RUIBAL, FAUSTINO | COPIA DE LLAVES | | 164 | 22199 |
| 100,25 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0002859 3603 VILAGARCÍA IVECO 5 / 8511BGT 18.10.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Supli | | 165 | 22199 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 50,12 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001736 3603 VILAGARCÍA PEUGEOT 5 / 1128HCM 26.06.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Sup | | 165 | 22199 |
| 50,12 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0002890 3603 VILAGARCÍA PEUGEOT 5 / PO3189BL 22.10.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Su | | 2311 | 22699 |
| 50,12 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000922 3603 VILAGARCÍA PEUGEOT 5 / PO3189BL 25.03.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Su | | 2311 | 22699 |
| 28,04 | A28076420 | REPSOL BUTANO, S.A. | UD110 PROPANO ( agente distribuidor Maria del Carmen Porto Dieguez. Castelao,18 Vilagarcia de Arousa ADOLFO SEOANE - Ca | | 1530 | 22199 |
| 28,04 | A28076420 | REPSOL BUTANO, S.A. | UD110 PROPANO ( agente distribuidor Maria del Carmen Porto Dieguez. Castelao,18 Vilagarcia de Arousa ADOLFO SEOANE - Ca | | 1530 | 22199 |
| 200,49 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000415 3603 VILAGARCÍA PEUGEOT 5 / PO8822BT 07.02.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Su | | 1530 | 22199 |
| 160,99 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000392 3603 VILAGARCÍA RODRIGUEZ LOPEZ A TO 5 / 1596JHR 05.02.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obliga | | 135 | 22199 |
| 50,12 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000462 3603 VILAGARCÍA CITROEN 5 / 5434HHW 09.02.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Sup | | 135 | 22199 |
| 63,41 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001023 3603 VILAGARCÍA IVECO 5 / 8039FWG 06.04.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Supli | | 135 | 22199 |
| 63,41 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000856 3603 VILAGARCÍA IVECO 5 / 7361FTF 19.03.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Supli | | 135 | 22199 |
| 100,36 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000864 3603 VILAGARCÍA PIAGGIO 5 / 0914FZC 20.03.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Sup | | 1720 | 213 |
| 36,95 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0001548 3603 VILAGARCÍA YAMAHA 5 / 8980JKP 06.06.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Supl | | 1720 | 213 |
| 60,56 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0002897 3603 VILAGARCÍA PEUGEOT 5 / 7845JKD 22.10.2024 (tipo de servicio: Duplicado de Tarjeta ITV/Inspec. Peri | | 1720 | 213 |
| 50,12 | A15117609 | SUPERVISION Y CONTROL, S.A. | 360324AL0000577 3603 VILAGARCÍA CITROEN 5 / 8223MFS 21.02.2024 (tipo de servicio: Inspec. Periódica obligatoria ) / Sup | | 171 | 22199 |
| 99,80 | B94060423 | GRAN MERKASIA 2012 SL | MATERIAL DECORACIÓN BIBLIOTECA | | 3321 | 22199 |
| 59,84 | B94093960 | MULTIPRECIOS GRUPO MERKASIA S.L | MATERIAL DECORATIVO SALA INFANTIL | | 3321 | 22199 |
| 31,00 | A28559573 | GALP ENERGIA ESPAÑA SA | 20 LITROS GASOLINA SERVIZO CEMINTERIOS | | 164 | 22199 |
| 181,65 | B32505000 | DE MONCHO INTEGRAL SERVICE SL | RECOGIDA Y ALMACENAMIENTO A PLANTA INTERMEDIA CAT 1 Y POSTERIOR TRASLADO A PLANTA DE ELIMINACION. DOC 10876-PROTECCION C | | 311 | 22199 |
| 3.320,99 | | | | | | |

2.- Imputar o gasto ás seguintes partidas:

| Prog. | Económ. | DESCRICIÓN | IMPORTE | GASTADO | DIFERENZA |
|---|---|---|---|---|---|
| 132 | 22699 | SEGURIDADE | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 135 | 22199 | EMERXENCIAS | 500,00 | 488,41 | 11,59 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 164 | 22199 | CEMITERIOS | 100,00 | 67,00 | 33,00 |
| 165 | 22199 | ALUMADO PÚBLICO | 200,00 | 150,37 | 49,63 |
| 171 | 22199 | XARDÍNS | 200,00 | 50,12 | 149,88 |
| 231 | 22699 | ACCIÓN SOCIAL | 500,00 | 0,00 | 500,00 |
| 231 | 48001 | ACCIÓN SOCIAL-AXUDAS BENÉFICAS | 500,00 | 0,00 | 500,00 |
| 311 | 22199 | ACCIÓN PÚB. SAÚDE | 700,00 | 362,58 | 337,42 |
| 334 | 22699 | CULTURA | 400,00 | 0,00 | 400,00 |
| 920 | 22699 | ADMÓN. XERAL. | 500,00 | 0,00 | 500,00 |
| 926 | 22699 | ÁREA COMUNIC.SOCIAL | 100,00 | 0,00 | 100,00 |
| 931 | 22699 | CONSERVATORIO | 300,00 | 0,00 | 300,00 |
| 1530 | 22199 | ESTRADAS | 500,00 | 457,17 | 42,83 |
| 1720 | 213 | MEDIO AMBIENTE | 1.500,00 | 1.439,10 | 60,90 |
| 2311 | 22699 | SPAD | 200,00 | 100,24 | 99,76 |
| 2312 | 22199 | IGUALDADE | 200,00 | 18,05 | 181,95 |
| 2314 | 22199 | XUVENTUDE | 200,00 | 0,00 | 200,00 |
| 3261 | 22699 | CONSERVATORIO | 100,00 | 0,00 | 100,00 |
| 3321 | 22199 | BIBLIOTECAS | 200,00 | 187,95 | 12,05 |
| 9201 | 22699 | INFORMÁTICA | 100,00 | 0,00 | 100,00 |
| | | | 7.000,00 | 3.320,99 | 3.679,01 |

3.- Proceder á reposición da cantidade de 3.320,99 € xustificados.

**PRP2025/0300**
Dáse conta da sinatura do documento de formalización da prórroga da cesión do dereito de uso temporal, a título gratuíto, dun inmoble de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa para a prestación de Servizos de Inspección de Saúde Pública situado na Avda. de Matosinhos nº 1 (Edificio Matosinhos).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/0350**
Dáse conta de escrito AROUSA BIKE BTT no que solicita, para a celebración da proba 3 horas resistencia Vilagarcía, o día 9 de febreiro de 2025 a autorización de paso polas seguintes rúas na zona de Castroagudin: Rúa do Embalse á altura do nº 39, Rúa Congostra de Castroagudín, de 9:10 a 10:15 por motivos da saída e Rúa Areas, na zona do circuito.
Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais na que se indica:
1.- Aprobar a cesión do arco hinchable, publicidade institucional, rolos de balizaxe e 2 hidrolimpadoras para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades xistentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
- Departamento de Obras, a cesión dun palco con dúas rampas, cesión de 100 valadas para 15 m de recinto, 5 mesas, 3 carpas e 8 cadeiras.
- Departamento da Policía Local, a colaboración coa súa presenza durante a saída e chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil co servizo de ambulancia e persoal durante

o desenvolvemento da proba.
Indicarlle que non é posible acceder a cesión do servizo de ambunacia medicalizada e a o avituallamento, dado que se entende que es un gasto que lle corresponde asumir ao organizador do evento, e que son uns gastos susceptibles de subvención dentro da Subveción de Organización de Actividades Extraordinarias que promove a Fundacion de Deportes.
3.- Conceder 78 trofeos para a entrega de premios aos 3 primeiros clasificados das diferentes categorías, xa que 60 quedarían escasos dado que as categorías son de dobres (maculina e feminina), solicitando presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA,S.L. por importe de 657,80 € (IVE engadido).
Así como, dado que se trata dunha proba solidaria, entragaraselle a todos os participantes unha mochila de agasallo que se adquirira á Asociación Española Cotra o Cancro en colaboración coa mesma, solicitando presuposto a devandita asociación.
4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
5.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento. Faise constar que o clube presenta o certificado da Federación Galega de Atletismo que autoriza a celebración do evento.
2) Indicar que o Clube xa presentou opermiso da Consellería de Medio Rural e o da Comunidade de montes que autorizan a celebracion do evento.
3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).
4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.
5) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bedidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións.
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización da citada proba, de conformidade co indicado polo Presidente e Director Deportivo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2025/0295**
En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de XANEIRO 2025,
Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:
Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :
Atención educativa: 14.593,71€
Comedor: 5.989,69€
Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de
Atención educativa: 8.848,80€
Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar do pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de XANEIRO 2025.
Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de xaneiro 2025: 29.432,20€, con cargo á partida 323.48007.

**EMPREGO**

**PRP2025/0260**
Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 2 de xaneiro de 2025, das bases reguladordas e convocatoria do Plan de obras e Servizos de Competencia Municipal "Plan Máis Provincia 2024", liña 3 activación do emprego 2025.
A Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a solicitude de subvención, por un importe total de 284.681,94€ (cunha aportación municipal de 208.934,70€) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2025, Liña 3 (Plan Mais Provincia 2025) para a contratación de 33 traballadores/as desempregados, a tempo completo, por 8 meses, tendo prevista a data de inicio do programa o día 1 de abril de 2025.

As tarefas a realizar e os traballadores solicitados do PLAN MAIS PROVINCIA 2025 LIÑA 3 CONCELLO DE VILAGARCÍA serán os seguintes a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego:
**1.- Xestión Forestal preventiva e recuperación medioambiental.**
- 4 Peóns forestais (8 meses a tempo completo)
- 1 Peón condutor operador de retroexcavadora (8 meses a tempo completo).

**2.- Eficiencia enerxética:**
- 2 Peóns Instaladores electricistas, (8 meses a tempo completo).
- 1 Peón pintor ( 8meses a tempo completo)

**3.- Pintura e sinalización viaria**:
- 5 Peóns pintores/as e/ou empapeladores (8 meses a tempo completo).

4.- **Conservación, rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas municipais:**
- 12 Peóns axudantes albaneis (8 meses a tempo completo).
- 1 Peón fontaneiro/a (8 meses a tempo completo).

**5 .- Recuperación e mellora parques, xardíns e zonas naturais:**
- 4 Peóns Traballadores/as de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos, (8 meses a tempo completo).
**6.- Control e mantemento de instalacións de deportes da Fundación Municipal de Deportes.**
- 2 Peón Axudante mantenedor de instalacións deportivas (8 meses a tempo completo).
- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que se van a contratar e a súa categoría profesional.
- Comprometerse a incluir no orzamento do exercicio os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.
- O custe total dos traballadores sería o seguinte:

| Custe total 33 traballadores/as 8 meses a tempo completo | Límite máximo subvención Liña 3 - PLAN MAIS PROVINCIA 2024 | Diferenza/aportación municipal |
|---|---|---|
| 493.616,64 | 284.681,94 | 208.934,70 |

**PRP2025/0301**
Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno local acorda solicitar subvención, por importe máximo de 31.000 €, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2025 (código de procedemento TR331A).

**PRP2025/0302**
Dáse conta da autorización do Servizo de Orientación Laboral, para manter o srevizo de Orientación de Vilagarcía de Arousa, por un período de un ano, previa á resolución da orde que establece as bases reguladoras para a contratación deste persoal para o exercicio 2025, que está en proceso de tramitación e publicación.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2025/0208**
Vista Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, dentro do denominado programa "Ler conta moito", resulta que:
- A Biblioteca Municipal cumpre os requisitos establecidos nas bases como posible beneficiaria (integración na Rede de Bibliotecas, horarios establecidos, cumprimento da estatística do 2023...)
- A tramitación do procedemento farase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia sendo o prazo de solicitude no programa do día 15 de xaneiro ó 14 de febreiro, ambos inclusive.
- A contía das axudas non poderá superar o 75% do gasto subvencionable, polo tanto débense financiar con fondos propios do Concallo o 25% de cada actividade programada (como dato indicativo no ano 2022 a cantidade concedida ó Concello foi de 829,78 euros).
Vistas as bases do programa e demáis documentación, e a psta da Dirección da Biblioteca

Municipal a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Solicitar e participar no programa “Ler conta moito” para o ano 2025.
2.- Autorizar á Dirección da Biblioteca para levar a cabo as xestións e programacións das actividades correspondentes, dentro do dito programa.

**PRP2025/0209**
Vista Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, resulta que:
- A Biblioteca Municipal e as Axencias de Lectura cumpren os requisitos establecidos nas bases como posibles beneficiarias (integración na Rede de Bibliotecas, horarios establecidos, cumprimento da estatística do 2023...)
- A tramitación do procedemento farase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia sendo o prazo de solicitude no programa do día 22 de xaneiro ó 21 de febreiro, ambos inclusive.
- As axudas poderán acadar o 100% do investimento subvencionable.
- Establécense dous programas con disposicións específicas: programa A para a dotación de novidades editoriais en galego / programa B para a mellora das coleccións bibliográficas
Tendo en conta o anterior e vista a proposta da Dirección da Biblioteca a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Autorización para solicitar a subvención sinalada.
2.- Autorizar á Dirección da Biblioteca a levar a cabo as xestións necesarias (selección e compra) para a incorporación de títulos a través da sinalada subvención.

**PRP2025/0241**
Dáse conta da Resolución do 26 de decembro de 2024 pola que se publica a concesión das axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro (códigos de procedemento ED314E e ED314D), convocadas pola Orde do 29 de maio de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 109, do 6 de xuño).
Ao abeiro de dita Resolución, recollida no DOG nº 3 do 7 de xaneiro de 2025, foille concedida á Escola Municipal de Música Bernardo del Río a cantidade de 5.648,60 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2025/0242**
Polo Departamento de Medio Ambiente dase conta de que o día 24.01.2025 a Consellería de Medio Rural remite un escrito a este Concello polo que comunica que o pasado día 16 de xaneiro o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) elevou o nivel de risco de influenza aviaria en España a alto debido ao aumento de casos, tanto en aves domésticas como silvestres, aos movementos migratorios de aves silvestres de risco dende zonas afectadas e á baixada das temperaturas. Consecuencia deste aumento do risco é a adopción de medidas de mitigación, previstas na Orde APA/2442/2006, que entran en vigor o 20 de xaneiro e que aínda que afectan en especial aos concellos das zonas ZER, nos concellos situados en zonas ZEV (zona de especial

vixilancia), como é o caso de Vilagarcía, se establece a prohibición das concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non (exhibicións, concursos,...) tanto de aves de curral como doutras aves distintas a estas.
Aínda que a mencionada prohibición de concentración de aves é a única medida obrigatoria para este Concello, como información complementaria a Consellería recorda na súa comunicación as seguintes recomendacións:

- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo curral familiar deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as medidas axeitades de bioseguridade (lavado de roupa e mans,...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, no caso de realizar actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando non entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

Dadas as características desta enfermidade, cunha alta capacidade de difusión entre as aves e as graves repercusións económicas que a súa presenza pode causar ao sector avícola, é moi importante a detección precoz dunha sospeita destas enfermidade, polo que calquera sospeita de influenza aviaria debe ser comunicada de inmediato aos servizos veterinarios oficiais da Consellería de Medio Rural.
Por todo isto a Concellería de Medio Ambiente dá traslado á XGL do escrito da Consellería de Medio Rural no que solicita que se lle dea a maior difusión desta información a toda a veciñanza polos medios que se consideren máis pertinentes e que se lle traslade á veciñanza que o serotipo dos virus IAAP que circula actualmente ten unha elevada mortalidade entre as aves pero presenta un potencial zoonótico (transmisibilidade ás persoas) insignificante.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**TURISMO**

**PRP2025/0227**
A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 18/07/2022, adoptou, entre outros acordos, o de aprobar o "Proxecto dunha rede de sendeiros PR-G e un taller de CxM Trail no contorno do Monte Xiabre" (expediente: CONTRATACION/2021/000030), asinado por D. Alberto Canle Campo, técnico de sendeiros da EEAM/FEDME, cun orzamento total de 48.389,51 €.
Ese proxecto aínda non foi executado. O vai a ser a través dunha liña de axudas que obtivo a Mancomunidade do Salnés.
D. Alberto Canle xa non exerce como técnico de sendeiros.
Agora vai facer esa xestión o técnico Julio Taboada Rodríguez, quen precisa facer uns traballos de xestión previos á acreditación da idoneidade do proxecto xa presentado, xa que á vista dos planos cos trazados que figuran no documento, precísase dalgunha modificación neses itinerarios para que logo poidan ser homologados pola Federación Galega de Montañismo como Ruta de Sendeirismo. Pero eses cambios non afectarán ao custo total do proxecto que vai executar a Mancomunidade e que xa adxudicou, razón pola cal o custo dese traballo de Julio Taboada ten que ser asumido por este concello.
Por eses traballos D. Julio Taboada Rodríguez presenta o presuposto que ascende a 423,5 (IVE engadido).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Julio Taboada Rodríguez, técnico de sendeiros da EEAM/FEDME, por importe de 423,5 € (IVE engadido) para a acreditación da idoneidade do “Proxecto dunha rede de sendeiros PR-G e un taller de CxM Trail no contorno do Monte Xiabre”, con cargo á partida 432.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2025/0333**
A Consellería de Política Social ten convocadas para o presente exercicio 2025, axudas para o fomento da contratación de mulleres que sufren violencia de xénero inscritas no servizo público de emprego como demandantes, ou como mellora de emprego.
A poboación de Vilagarcia a sítúa entre as entidades que poden solicitar subvención ata un máximo de 4 contratacións.
A contía da subvención por cada muller contratada a tempo completo, será a necesaria para sufragar ata un máximo de 12 mensualidades, segundo Convenio Colectivo en vigor e acorde coa categoria profesional.

- Comprendendo as retribucións salariais brutas totais.
- incluída a parte proporcionáis das pagas extraordinarias
- as cotas á seguridade social por parte da empresa, na mesma cantidade que a fixada para o salario,

Aos efectos desta subvención no se considerarán custos salariais subvencionables:

- O importe da indemnización prevista no artigo 49.1c do estatuto dos traballadores.
- Incentivos e gratificación extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

No caso de resolución positiva da solicitude, os contratos deberán estar formalizados antes do 30 de setembro de 2025.
En base ao exposto a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar a solicitude de subvención para a contratación de catro mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoria profesional correspondente ao Grupo V e con destino nos servizos de conxerxería e xardins preferentemente, polas seguintes cuantías:
A contía para a que se solicita subvención é: 86282,88
A contía a aportar pola parte do Concello é: 1814,40€
2.- Aprobar a aportación municipal para financiar a parte non subvencionable da acción que se detalla, así como os custos derivados de IT, que non serían subvencionables.
3.- As retribucións salariais brutas totais en cómputo mensual, incluidas a parte proporcional de pagas extra, as cotas a seguridade Social se corresponden co Convenio Colectivo vixente.
Consultado co departamento de persoal , estas retribucións quedan desagregadas do seguinte xeito:
GR. V (AP) CONSERXEIRIA N. compl. (C.D.) 7 Ocup: CNAE – 38,3

| Salario Base | Complemento/ CD | Incentivo | Rateo paga extra | Rateo PE Incentivo | Total Retribucións | Indemn. Cese | SS Empresa | Custo total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 656,23 € | 217,19€ | 260,58€ | 145,57 € | 43,43€ | 1323,00€ | 37,80€ | 440,16€ | 1.800,96 € |

GR. V (AP) XARDINS N. compl. (C.D.) 7 Ocup: CNAE – 38,3%

| Salario Base | Complemento/C D | Incentivo | Rateo paga extra | Rateo PE Incentivo | Total Retribucións | Indemn. Cese | SS Empresa | Custo total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 656,23€ | 217,19€ | 260,58€ | 145,57€ | 43,43€ | 1323,00€ | 37,80€ | 508,96€ | 1.869,96€ |

| TRABALLADORAS | CUSTO TOTAL MENSUAL SUBVENCIONABLE/ 4 TRABALLADORAS | SUBVENCIÓN a SOLICITAR (4 Traballadoras/12meses) Xornada Completa |
|---|---|---|
| 4 | 7.190,24€ | 86.282,88€ |

| TRABALLADORAS | Indemniz. Cese mensual/ 4 traballadoras | TOTAL APORTACIÓN CONCELLO |
|---|---|---|
| 4 | 151,20€ | 1814,40€ |

## CULTURA

**PRP2025/0258**

En XGL na sesión que tivo lugar o día 07-10-2024, acordase formular a correspondente denuncia dos convenios económico-culturais entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas asociación dos Centros Socioculturais municipais (segundo o establecido no punto IV (DURACIÓN DO CONVENIO) con efecto a 31 de decembro de 2024.

En XGL na sesión que tivo lugar o día 21-10-2024 adoptou o acordo na que establece: "trala denuncia dos convenios coas asociacións xestoras dos centros socioculturais municipais e realizadas as actualizacións necesarias, pola Concellería de Cultura propoñen á Xunta de Goberno Local o novo modelo de convenio de colaboración para a xestión dos mesmos.

Así mesmo acorda aprobar o modelo de convenio de colaboración para a xestión dos centros socioculturais municipais entre o Concello de Vilagarcía e as distintas asociacións xestoras.

As asociacións que solicitan que o Concello asuma o gasto de Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes a continuación se detallan:

- CENTRO CULTURAL VILAXOÁN
- CENTRO CULTURAL TRABANCA SARDIÑEIRA
- CENTRO CULTURAL SOBRADELO
- CENTRO CULTURAL RENZA
- CENTRO CULTURAL O PIÑEIRIÑO
- CENTRO CULTURAL GALÁNS
- CENTRO CULTURAL FONTECARMOA
- CENTRO CULTURAL CORNAZO
- CENTRO CULTURAL CEA
- CENTRO CULTURAL A TORRE
- CENTRO CULTURAL TRABANCA BADIÑA
- CENTRO CULTURAL BAMIO (2 INSTALACIÓNS)
- CENTRO CULTURAL CARRIL

Os centros socioculturais que asumen directamente o gasto de Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes son:

- CENTRO CULTURAL RUBIÁNS – AA.VV. E CULTURAL O SOUTO
- CENTRO CULTURAL FAXILDE – AA.VV. FAXILDE

- CENTRO CULTURAL GRUPO SAN ROQUE (Vilagarcía) – AA.VV. GRUPO SAN ROQUE
- CENTRO CULTURA CASTROGUDÍN – AA.VV. SAN ROQUE

Indicar que o CENTRO CULTURAL DE GUILLÁN, non se formula convenio dado que a Asociación MM.RR.XIABRE, renuncia a asinar o novo modelo de convenio, polo que ata que se constituía nova directiva ou nova asociación non se pode asinar..

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un valor de 6.704,00€ correspondente a Póliza de Seguros de R.C. e Accidentes de SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS para os Centros Culturais indicados na proposta, con cargo a aplicación orzamentaria 334.224, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

**PRP2025/0226**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino "PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa", enmarcado no Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, así como as actuacións especificadas no anexo I da Resolución de concesión. Dentro das 10 actuacións subvencionables, no Eixo programático 3 (Transición Dixital) atópase a actuación nº 6, destinada á Oficina de turismo dixital e intelixente (Smart CRV).

É necesaria á contratación para a prestación dun servizo para a redacción dun prego de prescricións técnicas particulares para a implantación dunha plataforma turística intelixente e as súas verticais no concello de Vilagarcía de Arousa, dentro do marco de actuación do plan de sustentabilidade turística.

De conformidade coa providencia da Alcaldía de data 25 de novembro de 2024 e previa emisión pola Axencia Tributaria (Minerva) do correspondente informe de risco de conflitos de interese solicitouse orzamento ás seguintes empresas:

- B70232012; ATLANTIC PONCHE 2000, S.L.
- B70239769; ARTELLAR 2000, S.L.
- B70290747; ADIANTE SOLUCIONS , S.L.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

| Empresa | Oferta sen IVE (€) | 21% IVE (€) | Oferta con IVE (€) |
|---|---|---|---|
| Adiante Solucións, S.L. B70290747 | 14.500,00 | 3.045,00 | 17.545,00 |
| Artellar 2000, S.L.U. B70239769 | 14.850,00 | 3.118,50 | 17.968,50 |
| Atlantic Ponte 2000, S.L. B70232012 | Non presentou oferta | | |

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Redacción de prego para implantación dunha plataforma turística intelixente e as súas verticais no Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro do marco de actuación do Plan de Sustentabilidade Turística", financiado con cargo á Resolución da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo pola que se concede unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao amparo do Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de

Sustentabilidade Turística en destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, á empresa ADIANTE SOLUCIÓNS SL (NIF B70290747) por importe de 14.500,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 3.045,00 €, o que totaliza un importe de 17.545,00 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 432-6410018 (proxecto de gasto 2023/2/next/6).

**PRP2025/0322**

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 23/01/2023 adxudicouse o contrato menor de servizos de "Redacción de proxecto de Recuperación da Fachada Marítima" ao Arquitecto don Manuel Tanoira Carballo, sendo cofinanciado o contrato con cargo á subvención concedida pola RED ÁGORA da Deputación de Pontevedra para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís.

Presentado o correspondente proxecto técnico e supervisado favorablemente o mesmo polo arquitecto municipal, solicitáronse as correspondentes autorizacións/informes sectoriais ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico), á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

De acordo co informe emitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra con data 06/06/2024, solicitouse ao Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico unha concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre afectado polo proxecto.

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 15/07/2024 adoptouse o seguinte acordo: "Aprobar o proxecto técnico denominado "Recuperación da Fachada marítima" redactado polo arquitecto Don Manuel Tanoira Carballo, cun importe de licitación de 1.190.820,37 € (IVE engadido), aos efectos de poder xustificar a subvención de Deputación Provincial de Pontevedra (Rede Ágora), quedando esta aprobación condicionada ao que resulte dos informes e autorizacións sectoriais solicitados, debendo aprobarse novamente o proxecto en caso de ser necesaria a súa modificación a resultas das autorizacións que se emitan."

Ao longo dos meses foron incorporándose ao proxecto inicial diversas modificacións a raíz dos requirimentos efectuados polas distintas administracións con competencias sectoriais no ámbito obxecto do proxecto (a última modificación enviouse o 16/10/2024).

Deste xeito, foi suprimida a actuación nunha pequena superficie afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, o que dou lugar a que o Concello comunicara á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a súa renuncia a actuar na zona de servidume de protección do domino público marítimo-terrestre, limitándose a executar as obras obxecto do proxecto de referencia fóra de calquera ámbito incluído na zona de servidume de protección referida.

A Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, con data 20/11/2024, ditou resolución outorgando a autorización solicitada polo Concello para realizar o proxecto de recuperación da fachada marítima redactado por D. Manuel Tanoira Carballo en xullo de 2024.

Esta autorización está condicionada que a construción da nova edificación que se acomoda contra a medianeira dun edificio de vivendas e que albergará unha cafetería se encontre fora da liña límite de edificación, é dicir que se retranquee 60 cm. (a tal efecto achegouse plano no que se sinala a citada liña con respecto á edificación plantexada).

Asemade, esta autorización está condicionada á previa presentación por parte do Concello da xestión de riscos durante a execución da obra con respecto á vía do ferrocarril e a aprobación da mesma por parte desta Autoridade Portuaria.

O 14/11/2024 o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra informa que a solicitude de concesión, formulada polo Concello, para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre afectado polo proxecto se encontra en estado de tramitación, en fase de información pública e petición de informes.
No BOE de 29/10/2024 publicouse anuncio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra polo que se somete a información pública (durante un prazo de 20 días hábiles) a solicitude de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do “Proxecto de recuperación de fachada marítima O Ramal” no concello de Vilagarcía de Arousa (O citado prazo de exposición pública xa rematou).
Coa finalidade de dispor de un documento técnico que refunda as distintas modificacións efectuadas no proxecto ao longo do tempo, con data 19/12/2024, incorpórase ao expediente o Proxecto refundido nun único documento.
Supervisado polo arquitecto municipal en data 28 de xaneiro de 2025, este emite informe favorable no que establece que, a zona de intervención abrangue, ademais da parcela de propiedade municipal unha parte do paseo marítimo que se atopa en dominio público marítimo-terrestres, razón pola cal deberase solicitar informe de Costas do Estado (a tal efecto xa se solicitou a concesión anteriormente referida)
Así mesmo deberá someterse a informe do Porto de Vilagarcía como propietario da vía férrea que discorre pola fronte sur da parcela. (Actualmente xa se conta coa correspondente autorización nos termos antes indicados).
Visto o anterior e tendo en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 15/07/2024, así como a necesidade de ter aprobado o proxecto aos efectos de licitar as obras contempladas no proxecto denominado “Recuperación da Fachada Marítima” en O Ramal, cun prazo de execución de 10 meses e cuxa execución está financiada pola Secretaría de Estado de Turismo, con cargo ao Plan de Sostenibilidade Turística en Destinos, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia – NextGeneration EU, cuxo prazo de execución remata o 31/10/ 2025, proponse á Xunta de Goberno Local:

1. Aprobar o proxecto técnico denominado “RECUPERACIÓN DA FACHADA MARITIMA”, redactado polo arquitecto, D. Manuel Tanoira Carballo, cun importe de licitación de 1.166.466,70€ (IVE engadido), aos efectos de poder licitar a obra, cuxa execución está financiada pola Secretaría de Estado de Turismo, con cargo ao Plan de Sostenibilidade Turística en Destinos, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia – NextGeneration EU.
2. Comunicar a súa aprobación á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico) aos efectos oportunos.

**PRP2025/0323**
En data 17/01/2025 don Jesús Gabilondo Viqueira presenta alegación contra o “Proxecto de Recuperación da Fachada Marítima” no que se opón á aprobación e consecuente execución do proxecto de recuperación da facha marítima na zona do Ramal en Vilagarcía de Arousa.
En data 22/01/2025 o arquitecto municipal emite o seguinte informe en relación coa alegación indicada:
“ASUNTO: Alegación contra o “Proxecto de Recuperación da Fachada Marítima.
INTERESADO: JESÚS GABILONDO VIQUEIRA
O interesado presenta un escrito no que se opón á aprobación e consecuente execución do

proxecto de recuperación da fachada marítima na zona do Ramal en Vilagarcía de Arousa. Tamén se achegan, como anexos, outros escritos semellantes dirixidos á Autoridade Portuaria de Vilagarcía, a Portos do Estado e máis á Dirección Xeral de Costas.

A razón que se esgrime como desconformidade é que o proxecto contempla a instalación dunha cafetería de planta baixa e un módulo de aseos acaroada ao edificio no que reside o interesado.

Aos efectos de dar resposta ao escrito dirixido ao Concello de Vilagarcía, xa que os outros serán respondidos polas administracións correspondente, emito o presente informe fundado nas seguintes consideracións:

1. O proxecto de referencia trata do acondicionamento para uso público dunha parcela no contorno do Peirao do Ramal, colindante coa Praia da Concha, que foi adquirida polo Concello ao Porto de Vilagarcía. Trátase por tanto dunha intervención nunha parcela de propiedade municipal e non dunha concesión administrativa.

2. Non existe, no vixente ordenamento urbanístico obriga de separarse do lindeiro, de feito actualmente xa existe unha edificación acaroada ao edificio do interesado, levantada cando a parcela era propiedade do Porto de Vilagarcía, e que hoxe en día pertence ao Concello.

3. Se existise tal prohibición de arrimo estarían incumpríndoa ambos edificios, tanto o galpón de bloques coma o edificio do que é copropietario o recorrente, posto que os dous están acaroados mutuamente á propiedade allea. Pero non é así, ambos edificios son compatibles coa ordenación urbanística en vigor.

4. Consonte o Plan Xeral de Ordenación Municipal, o edificio de Rosalía de Castro 19 está clasificado como solo urbano e cualificado coa Ordenanza Específica nº1 (R1) que, nas condicións de separación do volume edificado, esixe parede medianeira. Por tal motivo, o edificio presenta unha parede medianeira (é dicir, cega agás o patio de luces) que deberá ser "tapada" por outras edificacións autorizables.

5. O Plan Especial do Porto de Vilagarcía prevé, no SECTOR 2, a posible construción de edificacións destinadas a actividades complementarias "non estritamente portuarias" como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e incluso instalacións hoteleiras. Durante moitos anos chamouse a este predio "a parcela do hotel", pola pretensión que tiña a autoridade portuaria de construír un hotel acaroado á citada medianeira do edificio estremeiro, pero o Concello desbotou tal posibilidade co obxectivo de habilitar espazos públicos de lecer e recuperar a conexión coa fronte marítima.

6. Por descontado que o concello solicitou os informes sectoriais pertinentes ao Porto de Vilagarcía, Costas do Estado e Costas de Galicia para que informen, no ámbito das súas respectivas competencias, sobre as obras e servizos que se pretenden implantar.

Como conclusión do anteriormente exposto, o Concello de Vilagarcía tramitará o proxecto de referencia facendo uso das posibilidades urbanísticas que lle outorgue a legalidade vixente, previa solicitude dos informes sectoriais preceptivos. Pero non vai edificar todo o que lle permitiría a ordenación vixente senón o estritamente necesario para dar servizo aos cidadáns e, neste sentido, só se pretende construír unha pequena edificación que se adosará unicamente á planta baixa do edificio existente.

Non hai, nin no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal nin no vixente Plan Especial de Ordenación do Porto de Vilagarcía, ningunha disposición que impida acaroar as edificacións nesa zona."

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por don Jesús Gabilondo Viqueira polos motivos aducidos polo arquitecto municipal no seu informe de data 22/01/2025.

2.- Dar traslado do presente acordo á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, á Consellería

de Medio Ambiente e Cambio Climático e ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico) aos efectos oportunos.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2025/0284**

A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión que tivo lugar en data 07/01/2025 adoptou o seguinte acordo (ver expediente INF/2024/000043):

"Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo a partir do ano 2025.

Á vista do anterior e, tendo en conta que o mantemento só pode executarse pola Empresa que desenvolveu o código fonte por razóns de exclusividade (non sendo posible promover a concorrencia dos licitadores) e o prexuízo que causaría aos intereses municipais non contar con dito servizo de soporte e mantemento, xa que a xestión tributaria do Concello resultaría gravemente afectada, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2025 por un importe de 65.764,10 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. A facturación deberá ser trimestral.

No ano 2024 (expte INF/2023/000018), en data 02/01/2024, a XGL adoptou o seguinte acordo:

" O prezo ofertado polo licitador para renovar o servizo de explotación en modo "cloud" para o ano 2024 é de 59.909.73 € anuais IVE incluído. Este servizo ten que ser prestado polo licitador porque así ven indicado no prego da licitación, una terceira empresa non podería prestar este servizo polas integracións do código fonte da aplicación con outras administración, sistema EDITRAN etc.

Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo a partir do ano 2024, estando en proceso de redacción os pregos de licitación.

Á vista do anterior, e tendo en conta que o servizo de explotación en modo "cloud" só pode ser prestado pola empresa propietaria dos códigos fontes, non sendo posible promover a concorrencia de licitadores, así como o prexuízo que causaría aos intereses municipais non dispoñer de dito servizo, xa que a xestión tributaria do Concello resultaría gravemente afectada, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. dun servizo de explotación en modo "cloud" da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2024 por un importe de 59.909.73 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. A facturación deberá ser trimestral. Se ben, a contabilización deste acordo foi realizada (aínda que o acordo recollía expresa y específicamente ano 2024) entre os dous anos 2024 e 2025, polo que no ano 2024 contabilizouse un importe de 44.932,29 (3 trimestres) e para o exercicio 2025 quedou pendente de contabilización un importe de 14.977,44 € (que son obxecto de contabilización unha vez aperturado o exercicio 2025).

No ano 2024, en data 21/10/2024 e no expediente CONT/2021/000016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

"(...) En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda prorrogar, con efectos do 17/11/2024, por un prazo de 1 ano e sen variar as condicións, o contrato de servizos denominado CT 16/2021–e "CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL" coa mercantil LAGARES OCA, S.L. con NIF: B36813715. (partida931.22706)".

Neste expediente, e previamente ao acordo adoptado, a Intervención Municipal xa informou en data 16/10/2024 que "Deberase dotar o crédito necesario para o exercicio 2025 na aplicación 931-

22706” e “Advírtese que da adxudicación inicial quedaron sen executar un total de 29.987,43€ e no exercicio 2024 quedan dispoñibles neste intre un total de 22.762,21€, polo que se entende que, inda que a prórroga abrangue parte neste exercicio o gasto vai executarse na súa totalidade no 2025 e polo tanto procede a aplicación do mesmo ese exercicio, sendo o importe correspondente aos 320 días dese exercicio de 42.000,00€, que deberán terse en conta na elaboración dos orzamentos para 2025”.
A vista do indicado e atendendo ao previsto na normativa orzamentaria e contable, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Seguindo o criterio do ano anterior, proceder a imputar ao orzamento do ano 2025 os tres primeiros trimestres e ao ano 2026 o último dos trimestres do contrato coa “empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.” por “un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2025 por un importe de 65.764,10 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. A facturación deberá ser trimestral”, realizando os axustes contables precisos” (expte. INF/2024/000043).
- Deixar pendente de contabilización neste exercicio 2025, o AD futuro do ano 2024 por importe de 42.000,00 € correspondente a prórroga do “contrato de servizos denominado CT 16/2021–e “CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL” coa mercantil LAGARES OCA, S.L. con NIF: B36813715”, que debe ser contabilizado unha vez se teña dotado o crédito preciso neste exercicio 2025 na aplicación 931-22706 tal e coma se recollía no propio expediente CONT/2021/000016.

**PRP2025/0315**
Visto el expediente integrado por la certificación de obra Nº 4 (2024/9352), derivada de la ejecución del contrato de obras denominado "ADECUACIÓN DE LA PLAZA DE ABASTOS PARA ACCIONES DE HÁBITOS SALUDABLES Y ECONOMÍA CIRCULAR (MERCADO DE LA VERDURA) (FASE I)", (justificante de gasto con Nº de registro 2024/9301), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 2022-2-NEXT-1-3 por importe de 19.225,25€.
Visto que el expediente consta de la conformidad técnica.
Visto que el gasto estaba debidamente comprometido en el año 2024. (D-220240013193)
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal acorda:
PRIMEIRO: El Reconocimiento de obligación para la certificación de obra Nº 4 (2024/9352), derivada de la ejecución del contrato de obras denominado "ADECUACIÓN DE LA PLAZA DE ABASTOS PARA ACCIONES DE HÁBITOS SALUDABLES Y ECONOMÍA CIRCULAR (MERCADO DE LA VERDURA) (FASE I)", (justificante de gasto con Nº de registro 2024/9301), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 2022-2-NEXT-1-3 por importe de 19.225,25€, con el siguiente desglose:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9352 | CUATRO | 27/12/2024 | 19.225,25 | REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. | CERTIF. CUATRO OBRA ""ADECUACIÓN PZA ABASTOS ACCIONES HÁBITOS SALUDABLES"" PROX. 2022/2/NEXT/1/3 | 4311 | 6270018 |

**PRP2025/0316**
Visto o expediente de gasto INT/2025/30 integrado pola factura con R.E. 2024/8485 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024-2-POS24-6-1 por importe de 55.733,59€.

Visto que a factura tiña o gasto debidamente comprometido no ano 2024. (AD-20240020493)
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización pola Intervención municipal acorda:
PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a factura con R.E. 2024/8485 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024-2-POS24-6-1 por importe de 55.733,59€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/8485 | F 000095679 | 28/11/2024 | 55.733,59 | 342 | 62300 | A50308139 | MONDO IBERICA, S.A. | Subministro e instalación de dos pantallas led videomarcadores para o pavillón de Fontecarmoa |
| | | TOTAL: | 55.733,59 | | | | | |

**PRP2025/0317**
Visto o expediente de gasto INT/2025/31 integrado pola factura con R.E. 2024/9230 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024-2-SUBV-4-1 por importe de 16.940,00€.
Visto que a factura tiña o gasto debidamente comprometido no ano 2024. (AD-20240005422)
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización pola Intervención municipal acorda:
PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a factura con R.E. 2024/9230 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2024-2-SUBV-4-1 por importe de 16.940,00€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/9230 | A2024 099-24 | 19/12/2024 | 16.940,00 | 150 | 640 | B36937282 | PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. | Humanización da Rúa Bouza de Abaixo-Vilaxoán" Expediente PRP2024/1406 |
| | | TOTAL | 16.940,00 | | | | | |

**PRP2025/0318**
Visto o expediente de gasto INT/2025/34 integrado pola factura con R.E. 2024/3737 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2023-2-PREST-2-1 por importe de 48.377,89€.
Visto que a factura tiña o gasto debidamente comprometido no ano 2024
A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización pola Intervención municipal acorda:
PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a factura con R.E. 2024/3737 dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2023-2-PREST-2-1 por importe de 48.377,89€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/3737 | 10/06/2024 | 320516521 | 07/06/2024 | 48.377,89 | 459 | 63200 | A50001726 | SCHINDLER, S.A. | RENOVACION ASCENSOR DO PASO A ESCARDIA PLAZA ESTACIÓN SN, Praza da Estación S/N, 36613 Vilagarcía de Arousa |
| | | | TOTAL: | 48.377,89 | | | | | |

**PRP2025/0319**

Visto o expediente de gasto INT/2025/7 integrado pola relación de xustificantes F/2024/192 por importe de 3.756,07 €.

Visto que as facturas da relación F/2024/192 tiñan o gasto debidamente comprometido no ano 2024.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Municipal acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/192 por importe de 3.756,07€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/9249 | 24SF10314532 | 20/12/2024 | 14,79 | 241 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 241 EMPREGO Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL03078DNNE AVDA. DE MATOSINHOS, Nº1- B |
| F/2024/9250 | 24SF10314534 | 20/12/2024 | 75,12 | 2412 | 22199 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 2412 ESCOLA OBRADOIRO Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL159635 C/AGUSTIN ROMERO, 52 |
| F/2024/9251 | 24SF10314536 | 20/12/2024 | 110,57 | 3262 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3262 ESCOLA DE MUSICA Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL144651 AVDA. ROSALIA DE CA |
| F/2024/9252 | 24SF10314533 | 20/12/2024 | 3.265,69 | 920 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 920 ADMON XERAL Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL03100DNNE PLAZA DE RAVELLA, 1 VIL |
| F/2024/9253 | 24SF10314535 | 20/12/2024 | 185,53 | 3261 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 3261 CONSERVATORIO Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL07174DNNE AVDA. DA MARIÑA Nº 2 |
| F/2024/9254 | 24SF10314537 | 20/12/2024 | 75,23 | 3321 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3321 BIBLIOTECAS Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL07082DNNE RUA VAZQUEZ LEIS, 16 |
| F/2024/9255 | 24SF10314538 | 20/12/2024 | 29,14 | 4311 | 22000 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 4311 FEIRAS Período Del 1/12/2024 al 31/12/2024 (ID:SL144643 RODRIGO DE MENDOZA, Nº16 VILLA |
| | | TOTAL | 3.756,07 | | | | | |

**PRP2025/0320**

Visto o expediente de gasto INT/2025/40 integrado pola relación de xustificantes F/2024/200 por importe de 78.947,98€.

Visto que as facturas da relación F/2024/200 tiñan o gasto debidamente comprometido no ano 2024.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/200 por importe de 78.947,98€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/8532 | A2010 2024/1683 | 30/11/2024 | 1.058,75 | 231 | 22706 | B36499960 | IMATIA INNOVATION, S.L. | PRP2023/4562 + Mantenimiento XIESS + Trimestre 4 |
| F/2024/8533 | VIG01 24009468 | 30/11/2024 | 1.729,28 | 2311 | 22701 | A04038014 | GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A. | SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M |
| F/2024/8534 | VIG01 24009469 | 30/11/2024 | 1.729,28 | 2311 | 22701 | A04038014 | GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A. | SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M |
| F/2024/8558 | 02148000035824F | 30/11/2024 | 2.819,01 | 2311 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |
| F/2024/8560 | 02148000035224F | 30/11/2024 | 1.696,50 | 323 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Noviembre de 2024Importe servizo |
| F/2024/8567 | 02148000034424F | 30/11/2024 | 3.097,96 | 323 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Noviembre de 2024Importe servizo |
| F/2024/8578 | 02148000036624F | 30/11/2024 | 148,72 | 231 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza con frecuencia de 1 día a semana (lunes) de un aula en el Pabellón de la Torre durante el presente |
| F/2024/ | KM 240414 | 30/11/ | 7.890,00 | 2312 | 22615 | B9401789 | KAEME CONSULT. | ACCIÓN FORMATIVA |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8606 | | 2024 | | | | 4 | Y PREVENC., S.L | EN MATERIA DE COMPETENCIAS CLAVE / DENOMINACIÓN: Competencias Clave N2 / MODALIDAD DE IMPARTICIÓN: Pres |
| F/2024/ 8643 | 2024 164 | 30/11/ 2024 | 1.368,00 | 2313 | 22610 | G3677692 0 | ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS | OBRADOIROS DE ESTIMULACION COGNITIVA E PSICOMOTRIZ IMPARTIDOS NO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA DURANTE O MES DE NOVEM |
| F/2024/ 8676 | 2024 10 | 08/12/ 2024 | 4.531,45 | 231 | 22610 | 76821874 B | MOLINA GOMEZ, RAMON | PROGRAMA NON TE DEIXES ENGANAR_Obradoiros para a prevención da adicción ao xogo_outubro-decembro 2024 ( A presente factu |
| F/2024/ 9140 | 2024 28 | 18/12/ 2024 | 8.869,30 | 231 | 22610 | B7025294 5 | ARELAR XESTION SOCIOEDUCATIVA , S.L. | PROXECTO EMPATIZA-Resolución pacífica de conflitos ( A presente factura fai referencia ao desenvolvemento do proxecto EM |
| F/2024/ 9213 | FV24 149 | 19/12/ 2024 | 5.609,56 | 1720 | 22799 | B3692751 5 | INOVALABS DIGITAL, S.L. | Deseño dun Plan Integral de xestión de colonias felinas en liña coa normativa vixente - Protocolo CER |
| F/2024/ 9221 | 00 0024197/24 | 19/12/ 2024 | 26.250,4 6 | 1530 | 210 | A1505095 8 | MONCOSA OHS, S.A. | OBRA: CONVENIO PARA REGULACIÓN VIA PÚBLICA. RUA AQUILINO IGLESIA 6, EN VILLAGARCÍA DE AROUSA Nº EXPTE: PRP 2024/3262 D |
| F/2024/ 9263 | AG 044 | 23/12/ 2024 | 3.783,66 | 231 | 22610 | B1594232 9 | AGORA ABERTA S.L.N.E. | ConciliaTardes. Programa de protección á infancia. Mes de novembro 2024. Curso 2024-2025 |
| F/2024/ 9264 | AG 045 | 23/12/ 2024 | 3.783,66 | 231 | 22610 | B1594232 9 | AGORA ABERTA S.L.N.E. | ConciliaTardes. Programa de protección á infancia. Mes de decembro 2024. Curso 2024-2025 |
| F/2024/ 9268 | KM 240461 | 23/12/ 2024 | 545,00 | 2412 | 22799 | B9401789 4 | KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L | ACCIÓN FORMATIVA EN MATERIA DE OFIMÁTICA - OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ""O.E. FORME 2024"" - VILAGARCÍA DE |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | AROUSA ( ) / Pe |
| F/2024/9269 | D01 12953 | 23/12/2024 | 3.011,39 | 2412 | 22199 | B36112043 | PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. | CAMISETA C/RED.TOP RACING M/C / SUDADERA CREMALLERA CORTO WOOD / CHALECO A.V.ACOLCHADO VLL REF.148 / CAZADORA BICOLOR AV |
| F/2024/9318 | 2024 00184 | 30/12/2024 | 1.026,00 | 2313 | 22610 | G36776920 | ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS | OBRADOIROS DE ESTIMULACION COGNITIVA E PSICOMOTRIZ IMPARTIDOS NO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA DURANTE O MES DE DECEM |
| | | TOTAL: | 78.947,98 | | | | | |

**PRP2025/0321**

Visto o expediente de gasto INT/2025/54 integrado pola relación de xustificantes F/2025/2 por importe de 130.063,63€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2025/2 por importe de 130.063,63€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/1 | VIG01 24010612 | 31/12/2024 | 3.458,58 | 2311 | 22701 | A04038014 | GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A. | SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M |
| F/2025/2 | A25- 1 | 02/01/2025 | 484,00 | 2314 | 22610 | B15279359 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. | Instalación de cuadro eléctrico de 32A en la plaza del Concello el día 31 de diciembre de 2024, en el Excmo. Concello de |
| F/2025/9 | 01 00101---24001937 | 31/12/2024 | 484,00 | 926 | 22602 | A36005346 | RADIO PONTEVEDRA, S.A. | H14 AROSA DIARIO / H14 AROSA DIARIO / H14 AROSA DIARIO / H14 AROSA DIARIO / H14 AROSA DIARIO / H14 AROSA DIARIO / H14 AR |
| F/2025/36 | 02148000038124F | 31/12/2024 | 3.097,96 | 323 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Diciembre de 2024Importe servizo |
| F/2025/ | 02148000038824 | 31/12/ | 530,23 | 135 | 22700 | A8036424 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 37 | F | 2024 | | | | 3 | | EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Diciembre de 2024Importe servizo |
| F/2025/ 38 | 02148000038224 F | 31/12/ 2024 | 2.737,36 | 3321 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Diciembre de 2024ZONAS COMUNE |
| F/2025/ 39 | 02148000038524 F | 31/12/ 2024 | 6.577,02 | 334 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Diciembre de 2024SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Se |
| F/2025/ 40 | 02148000038924 F | 31/12/ 2024 | 1.696,50 | 323 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Diciembre de 2024Importe servizo |
| F/2025/ 41 | 02148000038324 F | 31/12/ 2024 | 6.096,85 | 920 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza EDIFICIOS E INSTALACIONES SEDE CASA CONSISTORIAL: CASA DEL AYUNTAMIENTO Diciembre de 2024Casa do Conc |
| F/2025/ 42 | 02148000039124 F | 31/12/ 2024 | 1.244,29 | 3262 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Diciembre de 2024Importe servizos |
| F/2025/ 43 | 02148000039224 F | 31/12/ 2024 | 75,18 | 241 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Diciembre de 2024Escola Obradoiro |
| F/2025/ 44 | 02148000038424 F | 31/12/ 2024 | 54.333,20 | 320 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de centros educativos Diciembre de 2024CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Diciem |
| F/2025/ 45 | 02148000038724 F | 31/12/ 2024 | 342,42 | 241 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | EDIFICIO MATOSINHOS Diciembre de 2024Importe servizos |
| F/2025/ 46 | 02148000039024 F | 31/12/ 2024 | 1.843,08 | 3261 | 22700 | A8036424 3 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza CONSERVATORIO |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Diciembre de 2024Importe servizo |
| F/2025/47 | 02148000039324F | 31/12/2024 | 686,26 | 1530 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza nas dependenzas de Obras durante Diciembre de 2024Importe servizo |
| F/2025/48 | 02148000039524F | 31/12/2024 | 2.819,01 | 2311 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |
| F/2025/49 | 02148000039824F | 31/12/2024 | 241,95 | 320 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Ampliación del servicio de limpiezaen el Colegio de Educación Especial de Villagarcía curso escolar 2024-2025 durante el |
| F/2025/50 | 02148000040124F | 31/12/2024 | 4.792,35 | 3321 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza de la NuevaBiblioteca Sita en la C/ Castelao durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO |
| F/2025/51 | 02148000040324F | 31/12/2024 | 193,29 | 432 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Limpieza semanal de mantenimiento del ascensor de paso inferior de la Estación de tren que conecta con la Escardia duran |
| F/2025/52 | 02148000039724F | 31/12/2024 | 7.473,96 | 4312 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza diaria en LA PLAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA Y PLAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN durante el presente mesI |
| F/2025/53 | 02148000040224F | 31/12/2024 | 148,72 | 231 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza con frecuencia de 1 día a semana (lunes) de un aula en el Pabellón de la Torre durante el presente |
| F/2025/54 | 02148000039624F | 31/12/2024 | 850,47 | 334 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al |
| F/2025/55 | 02148000040624F | 31/12/2024 | 289,49 | 3321 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de la Agencia de Lectura Municipal de Vilaxoándurante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/56 | 02148000039924F | 31/12/2024 | 2.752,16 | 1722 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Limpieza de los baños de las playas de Vilagarcía, en el período comprendido durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICI |
| F/2025/57 | 02148000040424F | 31/12/2024 | 393,25 | 134 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | limpieza de mantenimiento semanal en el PARKING XOAN XXIII del Concello de Vilagarcía durante el presente mes.IMPORTE DE |
| F/2025/58 | 02148000040524F | 31/12/2024 | 300,56 | 320 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Ampliación de la limpieza ordinaria por aumento del servicio a prestar en la 2ª planta del EEI Aralde-Sobrán durante el |
| F/2025/59 | 02148000040724F | 31/12/2024 | 396,06 | 3321 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de la Agencia de Lectura Municipal de Bamiodurante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO |
| F/2025/60 | 02148000040924F | 31/12/2024 | 336,26 | 320 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Ampliación del servicio de limpieza en la Escuela de Educación Infantil de Vilar ¿ Bamio curso escolar 2024-2025 durante |
| F/2025/61 | 02148000040024F | 31/12/2024 | 361,09 | 432 | 22700 | A80364243 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza semanal del Museo del ferrocarril durante el presente mesIMPORTE DEL SERVICIO |
| F/2025/78 | 24 517 | 31/12/2024 | 4.275,13 | 2314 | 22610 | B94119104 | GLOBAL SETUP, S.L. | PRP2024/4833 FESTA DA TOMA DE UVAS 2024 con cargo á partida 2314.22610 / ESTRUCTURA / SONIDO / TECNICOS MONTAJE EVENTO E |
| F/2025/86 | A 1 | 08/01/2025 | 12.257,30 | 338 | 22199 | 35463322J | FONTAN CAEIRO, BEGOÑA | PREPARACION CABALGATA |
| F/2025/108 | SASE25- 265 | 06/01/2025 | 4.321,15 | 4311 | 22799 | B78976263 | SASEGUR, S.L. | SERVICIO DE VIGILANCIA Y SEGURIDAD PRESTADO EN SUS INSTALACIONES DE CONCELLO DE VILLAGARCÍA, CONFORME AL PRESUPUESTO: SE |
| F/2025/113 | ELEC25- 14 | 13/01/2025 | 1.633,50 | 338 | 22199 | B94077633 | CARPAS PONTEVEDRA, S.L. | ALQUILER Y MONTAJE DE CARPA PARA REYES 2025 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/143 | 225 | 03/01/2025 | 2.541,00 | 926 | 22706 | 35473888E | JUEGUEN GARCIA, PABLO | EVENTO: XXIV TOMA DAS UVAS. PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN STREAMING. |
| | | TOTAL: | 130.063,63 | | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.